


**RESOLUCIÓN REITORAL DO 26 DE
FEBREIRO DE 2013 DA UNIVERSIDADE DE
VIGO POLA QUE SE PUBLICA UNHA
CONVOCATORIA DE 8 PRAZAS PARA
PARTICIPAR NO CURSO INTENSIVO
ERASMUS WALKABOUT, LEARNING
THROUGH CONTEXTUAL MOBILE
GAMING QUE TERÁ LUGAR NO INSTITUTO
SUPERIOR POLITÉCNICO GAYA
(PORTUGAL) EN ABRIL DE 2013.**

O Programa de Aprendizaxe Permanente é o programa da Unión Europea que financia actuacións no ámbito da educación ao longo de toda a vida. No marco deste programa pódense presentar proxectos para desenvolver cursos intensivos (IP), que son programas de estudos de corta duración no que participan estudantes e persoal docente de institucións de ensino superior de diferentes países co obxectivo de fomentar o ensino eficaz e multinacional sobre temas especializados, permitir que estudantes e persoal docente traballen en grupos multinacionais e que membros do persoal docente intercambien puntos de vista sobre o contido educativo e novos enfoques curriculares, e que proben métodos docentes nun entorno académico internacional.

Na convocatoria de LLP-IPs 2012, o Instituto Superior Politécnico Gaya (Portugal) presentou un proxecto de curso intensivo titulado WalkAbout, Learning Through Contextual Mobile Gaming coa Universidade de Vigo como unha das universidades socias. O proxecto foi aprobado e o curso desenvolverase do 14 ao 27 de Abril de 2013 no Instituto Superior Politécnico Gaya (Portugal), xunto con outras 4 universidades participantes:

- Artesis Hogeschool Antwerpen (Bélxica)
- University of Lodz (Polonia)
- Dundalk Institute of Technology (Irlanda)
- Keski-Pohjanmaan ammattikorkeakoulu (Finlandia)



En virtude do proxecto aprobado, esta Reitoría

RESOLVE

Publicar unha convocatoria de 8 prazas destinadas a estudantes matriculados nos graos das formacións que se imparten na Escola de Enxeñería de Telecomunicación e na Escola Superior de Enxeñería Informática.

BASES DA CONVOCATORIA

1.- Requisitos dos/as solicitantes:

Os requisitos xerais para todos/as os/as estudantes da Universidade de Vigo son os seguintes:

- Estar matriculados/as na Universidade de Vigo no curso 2012/13 na Escola de Enxeñería de Telecomunicación ou na Escola Superior de Enxeñería Informática nos seus programas de grao.
- Ter un nivel medio de coñecementos de inglés.

- Ser cidadáns dalgún dos 27 países membros da UE, Islandia, Liechtenstein e Noruega, ou dun país candidato á adhesión ou posuír o estatuto de residente permanente, de apátrida ou de refuxiado en España. Poderán participar aquelas persoas que, non sendo nacionais dun dos países participantes no PAP, o sexan de terceiros países e estean en posesión dun permiso de residencia válido para residir en España durante o período de realización da mobilidade.

2.- Duración da estada:

O curso intensivo terá lugar do 14 ao 27 de abril de 2013 (ambos inclusive) no Instituto Superior Politécnico Gaya (Portugal).

3- Financiamento:

O Instituto Superior Politécnico Gaya, universidade coordinadora do Programa Intensivo Erasmus "WalkAbout, Learning Through Contextual Mobile Game" actuará como sede do curso e proporcionará, en calidade de coordinador do proxecto IP e perceptor dos fondos europeos recibidos para este proxecto, directamente aos estudantes participantes os beneficios incluídos neste proxecto: os gastos de aloxamento, manutención e viaxe dos/as estudantes participantes no curso. O estipulado no proxecto por estudante é un máximo de 252 € para subsistencia e un máximo de 100 € para a viaxe.

4- Solicitudes e documentación:

O formulario de solicitude atoparase na páxina web da Oficina de Relacións Internacionais: <http://internacional.uvigo.es>. O/A solicitante deberá cubrir o formulario. Unha vez finalizado o proceso deberá imprimir unha copia que se presentará coa seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI.
- Unha fotografía tamaño carné pegada no formulario de solicitude.
- Currículum Vítae.
- Copia da certificación de coñecementos de inglés segundo o punto 5 desta convocatoria.

5.- Coñecementos de idioma:

O coñecemento do idioma empregado como lingua de ensino na universidade de destino valorarase no proceso de selección dos/as estudantes. Os coñecementos previos poderán acreditarse mediante a presentación das seguintes certificacións (niveis mínimos):

Inglés:

Inglés, nivel B1:

Marco Común Europeo de Referencia: nivel B1 (nivel intermedio 2 da EOI ou 3º curso do plan vello ou acreditación expedida polo Centro de Linguas da Universidade de Vigo)

PET Cambridge

Trinity: ISE I
TOEFL: entre 57-86.
IELTS: nivel 4.0-5.0
Bulats: 40-59

6.- Prazo e lugar de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta Resolución no rexistro da Universidade de Vigo e rematará o **8 de marzo de 2013**.

A solicitude e máis a documentación requirida presentaranse en calquera dos rexistros da Universidade de Vigo ou en calquera outro lugar dos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, modificada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

7.- Resolución e notificación:

A selección dos/as estudantes será realizada por una Comisión na que participarán:

- O vicerreitor de Relaciones Internacionais.
- O coordinador na Universidade de Vigo do IP WalkAbout, Learning Through Contextual Mobile Gaming; Prof. Dr. Manuel Fernández Veiga.
- O responsable de Relacións Internacionais da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.
- O responsable de Relacións Internacionais da Escola Superior de Enxeñaría Informática.
- A Técnica Superior da ORI: Eva Garea.

A ORI publicará unha relación provisional de seleccionados/as e concederá un período de reclamación de 5 días.

A Oficina de Relacións Internacionais fará pública unha resolución definitiva motivada co nome dos/as seleccionados/as e dos/as suplentes, podendo ser recorrida esta perante o mesmo órgano que ditou a resolución.

8.- Obrigas dos/as seleccionados/as

Os/As seleccionados/as deberán manifestar a súa aceptación ou renuncia por escrito na Oficina de Relacións Internacionais nun prazo de 5 días hábiles.

As prazas vacantes seranlles adxudicadas directamente aos/ás suplentes (sempre antes do inicio do curso).

Os/As seleccionados/as deberán contratar un seguro de asistencia en viaxes.

9.- Revogación

No caso de que non se leve a cabo a estadía ou parte dela, sen causa xustificada, ou non se entregue a documentación solicitada, o/a estudante seleccionado/a deberá devolver os gastos incurridos ao Instituto Superior Politécnico Gaya. A Universidade de Vigo reservárase o dereito a reclamar estes gastos polo incumplimento das bases desta norma.


Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, o interesado poderá optar por interpoñer conta esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a dictou. Neste caso non caberá a interposición do recurso contencioso-administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.


O REITOR

Por Delegación (R.R. do 09/09/2011)

O vicerreitor de Relacións Internacionais


Manuel J. Fernández Iglesias

DILIXENCIA para facer constar que esta Resolución publícase con esta data no taboleiro desta Universidade.
Vigo, 26 de febreiro de 2013


A secretaria do vicerreitor de Relacións Internacionais
Henar Quintas Salgado

Convocatoria Curso Intensivo Erasmus
“WalkingAbout, Learning Through Contextual Mobile Gaming”
 INSTITUTO SUPERIOR POLITÉCNICO GAIA (PORTUGAL). Abril 2013

Impreso de solicitude

Datos do/da estudante			
Apelidos		Data de nacemento	
Nome		DNI	
Nacionalidade		Sexo	Home <input type="checkbox"/> Muller <input type="checkbox"/>
Enderezo permanente:	Enderezo durante o curso 2011-12		
Localidade-Prov.: CP:	Localidade-Prov.: CP: Válido ata:		
Teléfonos de contacto:			
E-mail:	@		
Centro de estudos na Universidade de Vigo			
EET	<input type="checkbox"/>		
ESEI	<input type="checkbox"/>		

Indique brevemente por qué desexa participar neste curso

Coñecementos lingüísticos (marque o seu nivel: 1 baixo / 3 alto)									
	Lectura			Escrito			Oral		
Inglés	1 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>
Outros:	1 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>
	1 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>
	1 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>

Documentación obrigatoria
DNI
Unha fotografía tamaño carné
CV
Certificacións de coñecementos de inglés

Lugar, data e sinatura

SR. DIRECTOR DA ORI